

# AS MULLERES NA FOLGA XERAL, VIGO 1972

Lola Ferreiro Díaz

*Esta homenaxe non pode ser un exercicio de nostalxia, senón unha mostra da Memoria Proletaria, precisa para encarar as loitas de hoxe e de mañá.*

*[...]A clase traballadora era e é, un arma cargada de futuro, por iso o relato das nosa historia debe estar nas nosas máns para salvagardar a súa esencia e ser fiel á verdade.*

*Organización Vigo, Setembro do 72*



No ano que rematou dedicámoslle o calendario e a lembranza escrita que o acompañaba ás “Mulleres do 72” (en referencia ás de Ferrol), en sinal de recoñecemento ao seu traballo militante e ao de sostemento da vida naquela folga na que a ditadura asasinou a dous traballadores, feriu de bala a máis de vinte e detivo a máis de cen, oito dos cales foron imputados nun consello de guerra e vinte e tres perante o TOP. Pero non podemos nin debemos esquecer que no ano 1972

houbo dúas grandes folgas obreiras; unha en marzo, a antedita de Ferrol e outra en setembro, en Vigo.

En canto ás mulleres, debemos sinalar que en Ferrol se desenvolveu unha actividade moi importante para recuperar a memoria da súa (decisiva) participación, que xa comezara no 2000 coa achega de Josefina Feal Regueiro e Beatriz Varela Fernández<sup>1</sup> sobre Mela, unha das imputadas (e condenada) no xuízo “dos 23” e continuou despois con outras obras destas mesmas e doutras autoras nas que se visibiliza ás mulleres<sup>2</sup>.

<sup>1</sup> Josefina Feal Regueiro e Beatriz Varela Fernández. *Conversas con Mela. Documento da I Homenaxe ás nosas mulleres*. Separata de Dez.eme, nº 1. Compostela, abril de 2000.

<sup>2</sup> Josefina Feal Regueiro e Beatriz Varela Fernández (2008). *O mundo de Angelita. Unha vida de loita con nome de muller*. Compostela: Fundación 10 de Marzo.

Lorena Bustabad Hermida e Antonio Blanco Carballo (2011). *Biografías Obreiras, vol. 1*. Compostela: Fundación 10 de Marzo.

Posteriormente, xa en 2019, publícase a obra de Ánxela Loureiro Fernández: *Voces da memoria con ollos de muller*, que ven de ser reeditada por Embora en 2022, na que fai unha análise sobre os distintos papeis que xogaron as mulleres no conflito, para despois entrar polo miúdo na visibilización de todas e cada unha delas.

Non ocorre o mesmo coas mulleres da folga do 72 en Vigo. Non hai referencias escritas, alén dalgún artigo nalgún xornal, nin houbo un recoñecemento público ao conxunto (máis que merecido), nin hai análise política, nin con nin sen perspectiva de xénero sobre a importancia do seu papel. Por non haber, non hai sequera facilidade para atopalas. Por todo isto, pensamos que é a nosa obriga ética e ideolóxica iniciar un proceso de visibilización o máis amplo que sexa posíbel... e niso estamos.

## Agradecemento

Este calendario e o texto que o acompaña foi posíbel grazas a algunhas das mulleres do 72, por iso llo quero agradecer especialmente no meu nome e no de todas as persoas que van poder ler o texto e ver as súas imaxes. En primeiro, a Elvira Landín Aguirre, promotora do primeiro encontro con algunhas delas. Tamén a Margarita Rodríguez Montes e a Pilar Pérez Rodríguez que xogaron un papel decisivo na elaboración dunha primeira listaxe e que se ocuparon de obter datos de moitas delas, mesmo das familias das que xa faleceran. A Pilar Rodríguez Costas, que tamén asistiu a aquela reunión e contribuíu a configurar a lista. A Luísa Cuevas Raposo e Laura Pérez Durán, pola súa testemuña directa. A todas as demais, familias incluídas, que xenerosamente e moi axiña deron os datos necesarios. Tamén a Mariluz Maset Catalá, que me proporcionou e me facilitou o contacto con Laura.

## Vigo foi sempre unha cidade industrial

Vigo, xunto con Ferrol, foron sempre os dous núcleos industriais máis importantes do país. Os estaleiros eran, en ambas as dúas cidades, un dos bastións. En Vigo había máis (todos privados) pero, en conxunto, non sumaban máis postos de traballo que os dous de Ferrol, coas compañías auxiliares. Os principais eran Vulcano, Barreras, Ascón, Freire, Santo Domingo e Cardama. Asemade, en Vigo había unha forte implantación da automoción, coa Citroën como máximo expoñente; metalúrxicas, como CENSA e Forjas Miñor; cerámicas e vidro, como o grupo Álvarez; conserveiras, como Alfajeme; de manufacturas de goma e recauchutados, como Reyman; envases de lata para conservas, como Carnaud, Artiscar e La Metalúrgica; máquinas de coser, como Refrey; plástico, como Plásticos de Galicia. Non podemos esquecer a construción, que no boom que se iniciara a finais dos '60 e durante os '70 unha gran cantidade de postos de traballo. Estas eran as grandes empresas, pero arredor delas había multitude de pequenos talleres que, en moitos casos, producían para estas.

---

Rosa Cal Martínez (2015). *Informes diversos de los sucesos de Ferrol. 10 de marzo de 1972*. Madrid: Liber Factory.

Pois ben, nas conserveiras, cerámicas e envases de lata para conservas traballaban maioritariamente mulleres. Tamén concienciadas, tamén combativas, pero sempre invisibilizadas.

Xa que logo, podemos falar de cidade proletaria, polo alto nivel de concienciación das obreiras e obreiros que desenvolvían o seu labor na industria viguesa, que se organizaban en sindicatos –na altura clandestinos- en partidos políticos –tamén clandestinos- e noutra clase de asociacións, formalmente máis permitidas pola actividade “pantalla” que desenvolvían. Falamos concretamente da “Asociación Cultural” e do Cineclub. Desde as súas organizacións, as traballadoras e traballadores de Vigo levaron o combate ás rúas en moitas ocasións, antes, durante e despois do 72, e non só reclamando melloras laborais, senón tamén e nomeadamente contra a ditadura. Era un movemento altamente politizado, antifascista e, pouco despois, tamén nacionalista.

### *Os precedentes da folga xeral: Vigo con Ferrol*

O 10 de marzo de 1972 é o día máis duro da folga das traballadoras e traballadores de Ferrol, que se salda cunha represión policial sen precedentes no tardofranquismo. A policía metralla unha manifestación de traballadores de Bazán, co resultado de dous mortos e multitude de feridos de bala, algúns deles moi graves. Máis de cen persoas detidas e a cidade en estado de sitio. A resposta non se fai agardar. En Vigo (tamén noutras cidades do estado) , milleiros de obreiras e obreiros paran en solidariedade coas afectadas por estes episodios de terrorismo do estado e bótanse ás rúas da cidade, baixo o lema: VIGO CON FERROL!!! A represión é brutal. Na porta do Sol interveñen os corpos represivos e prodúcense cargas violentísimas, con ducias de contusionadas e detidas, e con multas que atinxen as 25.000 pesetas da altura.

En maio dese mesmo ano, prodúcense mobilizacións que comezan en Barreras, porque a empresa non dispuña do material necesario para traballar e pretendía que os traballadores colleran as vacacións forzosamente. O conflito estendeuse a outras empresas e, finalmente, a Maxistratura de Traballo deulles a razón e obrigou á empresa a remuneralos mesmo se non podían ir traballar por falta de material. Evidentemente, as mobilizacións foron tamén duramente reprimidas pola policía, seguindo a tónica xeral da ditadura.

### *E chega setembro...*

O día 9 de setembro de 1972 cadrou en sábado. Os traballadores de Citroën viñan reclamando a xornada semanal de 44 horas, que excluía traballar os sábados pola tarde, cousa que xa estaba recollida no convenio, pero que a empresa incumpría. De feito, nesta fábrica viñan traballando 200 horas (anuais) máis que noutras empresas de automoción. Aquel día produciuse un paro; en realidade era unha imposición da

xornada que se reclamaba, para apoiar a esixencia; como consecuencia, ese mesmo día foron despedidos 5 obreiros. O luns, día 11, a inmensa maioría dos operarios de Citroën decide non entrar a traballar, en protesta polos despedimentos.

Pouco a pouco van indo cara outras empresas, para informar da situación. Ao mesmo tempo, diríxense ao local da Confederación Nacional de Sindicatos (en diante CNS), para intentar negociar a readmisión dos despedidos, pero alí néganse á dita negociación por formar parte da comisión o sindicalista Isidro Gómez, un dos obreiros despedidos de Citroën.

Tras a visita dos piquetes informativos vanse sumando á folga as principais empresas da zona. Non só os estaleiros Vulcano, Barreras, Ascón e Asticar, senón cerámicas Álvarez, algunhas conserveiras como Santodomingo e Reyman, e mesmo tamén sectores de traballadoras e traballadores da banca. Hai un intento de parar Vitrasa e paralizar o transporte urbano de Vigo, pero o gobernador civil ordena que suba a cada autobús unha parella da garda civil para que os autobuses circulen... e circular, circulan, pero baleiros, porque a xente non sube.

As manifestacións sucédense durante os días seguintes, a represión tamén, tanto a laboral (un total de 5.000 despedimentos, que logo quedan en 500 e finalmente en 200), como policial, con cargas brutais nas manifestacións efectuadas polos chamados “especiais” que se desprazan desde Valladolid, ducias de detencións e torturas. A Brigada Político-Social (en diante BPS), de triste lembranza, emprégase a fondo e as torturas ás persoas detidas son sistemáticas. De feito desprazaron a Vigo a torturadores tan sinistros e psicópatas como “Billy el Niño” desde Madrid e Juan Antonio Créix, desde Barcelona, ambos os dous (entre outros) torturadores especialistas en causar sufrimento inconmensurable a quen pasaron polas súas mans.

### *A ditadura, tocada...*

A folga xeral paralizou a comarca de Vigo durante 15 días e á represión laboral, política e social enfrontóuselle a solidariedade cidadá. A prensa galega, parte da española e a internacional fíxose eco das mobilizacións, suscitando denuncias e outras accións solidarias. O propio movemento obreiro de Vigo editou e distribuíu cada día súa “octavilla”, que se escribía e imprimía pola noite e se repartía pola mañá, dando conta do seguimento, das accións e de todo canto puidera de interese para seguir adiante.

En suma, a folga de Vigo supuxo un golpe para a ditadura, que xa estaba tocada por todos os flancos, e nomeadamente supuxo toda unha lección de loita, de solidariedade e de vida para quen a viviron, quen a observaron desde a distancia e quen viñemos despois. É a nosa obriga procurar que esta lección non caia no esquecemento.

## *E as mulleres?*

Dicía Rosa Cal Martínez, en referencia ao papel das mulleres na folga de marzo en Ferrol: *O papel das mulleres foi importantísimo [...] Se elas se chegan a abrandar, a cousa vense abaixo... pero non abrandaron.* Esta conclusión pódese aplicar ás mulleres de calquera conflito laboral, político ou social. Sen elas sería impensábel, nomeadamente porque todas, sen excepción, sostiveron e coidaron da vida mentres se desenvolveu o conflito, asemade de participaren activamente nel, con distintos niveis de compromiso.

Debemos destacar (tamén) neste caso a creación da estrutura do Movemento Democrático de Mulleres, organización vinculada co PCG, a través da cal moitas mulleres, que ata aquela altura non desenvolveran actividade política, comezaron a participar. Ao longo do conflito e de aí en diante, as máis delas entraron a formar parte dunha organización que desenvolvía tarefas solidarias, pero tamén debate político e, co tempo, pasou a adquirir o carácter feminista das organizacións do movemento.

## *A tripla (ás veces cuádrupla) xornada de traballo das mulleres.*

No movemento feminista vimos indicando desde hai anos que non se debe confundir “traballar” con ter un emprego. Esta trampa, moi común aínda hoxe en día, foi disfrazada durante moitos anos, concretamente desde que as mulleres se incorporaron á produción, que foi cando se comezou a distinguir entre as mulleres que “traballaban” e “as que non”. De feito, moitas crianzas que eran preguntadas na escola polo traballo do pai e da nai, dicían ou escribían que a nai “non traballaba”, cousa que se formalizaba nas fichas administrativas (e mesmo no documento de identidade) co eufemismo “os seus labores” (en realidade “sus labores”, ou s/l), menosprezando así o (inxente) traballo das mulleres. Todo isto está agravado pola realidade de que algunhas das mulleres “que non traballaban” tiñan en realidade un emprego non legalizado, que desenvolvían nas súas casas, sen cotizar e en cunhas remuneracións absolutamente precarias. Por iso é importante distinguir entre traballar e ter emprego.

No caso das mulleres que participaron na folga xeral (ao nivel que fose), debemos sinalar que tiñan dobre, tripla ou cuádrupla xornada de traballo. Algunhas delas estaban empregadas en empresas, maiormente en conserveiras ou na cerámica (en auxe na altura); asemade, moitas participaban no sindicato e na organización política na que militaban; pola súa vez, as máis delas estaban nas mobilizacións, nos encerros, nas comisións que se entrevistaban coas autoridades, etc., e desde logo TODAS, coidaban da familia e da casa.

Con isto e con todo, as mulleres que participaron nas folgas obreiras, mesmo as que o fixeron desde responsabilidades políticas e sindicais, non foron visibilizadas. Tiveron que pasar décadas e denuncias do movemento feminista desta forma de violencia

simbólica para que comezara un proceso (complexo, complicado e difícil) de recuperación da memoria do seu papel. Debémosllelo!.

### *Algúns datos sobre algunhas das mulleres do 72.*

Nesta ocasión, os datos dos que dispoñemos lévannos a relatar un breve (nalgún caso brevísimo) resumo sobre as que están no calendario, pola mesma orde na que aparecen.

Velaí están.

**Margarita Rodríguez Montes**, naceu en Cabral (Vigo), en 1948. A familia era agricultora, pero a ela non lle gustaba este traballo e preferiu saír, así que en 1963 entrou en Cerámicas Alvarez.

Alí desenvolve un enorme labor reivindicativo, comezando por conseguir cousas mínimas pero inexistentes na altura, como ocorría nas empresas cuxa maioría obreira eran mulleres. Por exemplo, non había vestiarios nin, en consecuencia, intimidade para cambiar de roupa; comezaron conseguindo unha sorte de cortinas de tela, suxeitas por unhas puntas e remataron tendo vestiarios, duchas e ata gardería para as crianzas.

Desde moi nova militou no Partido Comunista de Galicia (PCG) e nas Comisións Obreiras (CCOO). No 72 era enlace sindical, seguindo a política de infiltración deseñada polo PC para introducir a militancia das CCOO no Sindicato vertical. Tamén fundou, con Pilar Pérez Rodríguez e algunhas compañeiras máis, o Movemento Democrático de Mulleres (MDM) en Vigo.

Na altura, saíndo dunha reunión que se celebrara no local da CNS, entrou nunha carnicería que estaba preto, para mercar, xa que tiña que facer a cea. Alí mesmo a detiveron. Pedíulle a unha compañeira que mandara recado á casa, xa que tiña un fillo moi pequeniño; os policías dixeron que non facía falta, que só lle querían facer unhas preguntúñas. A brevidade consistiu en 72 horas na comisaría e un mes no cárcere de Vigo. Asemade, foi despedida da empresa.

Non foron estas as únicas agresións; outro día, despois de rematar (de que disolveran) unha manifestación, ía co seu fillo (moi pequeno) pola rúa, andando, e un policía atizoulle un porrazo, diante do neno.

Margarita lembra tamén o sufrimento da súa nai, que vivía tamén en Cabral, coas maledicencias que circulaban sobre a súa filla, que chegaba á casa fóra das horas ás que o fai unha muller “decente”.

En 1977, tras a amnistía, reincorporouse ao seu traballo en Álvarez e alí estivo ata a xubilación. Hoxe en día participa activamente na actividade social e política, desde a federación de pensionistas de CCOO, e desfruta da familia e das amizades.

**Carmen Segurana Bedrina** naceu en Valencia en 1935, no seo dunha familia republicana; á que se xuntou a convicción comunista na súa xeración. a súa xeración tamén comunista. Un accidente laboral do avó obriga ao pai a deixar os estudos de Belas Artes para se pór a traballar. Posteriormente casa e ten un fillo, unha filla e dúas xemelgas, unha das cales é Carmen.

No 39, ocupada Valencia polas tropas golpistas, a irmá pasa á clandestinidade e o irmán marcha ao exilio. Quedan as xemelgas pero, cando teñan só 11 anos falece o pai e cando cumpren 14 falece tamén a nai, non sen antes deixar instrucións para que as nenas non remataran nun orfanato; no canto diso, pasan ao coidado dunha familia amiga, tamén comunista, en Madrid. A irmá máis vella (Rosa), traballando nunha editorial en Vigo, en situación de clandestinidade, corre cos gastos de mantenza das súas irmás.

Carme estuda secretariado e comeza a traballar en Telefunken, en 1954, facendo uso de todas as súas habelencias para que na empresa non descubriaran a súa ideoloxía. Non podía escribirlle ao seu irmán exiliado nin ter parella, porque era perigoso, na situación de represión daquela altura.

En 1960 entra a formar parte do Clube de Amigos da UNESCO e comeza a participar no Movemento Democrático de Mulleres (MDM). Craballo e actividade política bota ata 1969, en que Rosa cae enferma e Carmen trasládase a Vigo para coidala; xa queda a vivir alí. Comeza a traballar en CENSA e asume a responsabilidade de organizar o MDM; está será a súa prioridade. En Vigo coñece ao que sería a súa parella, un traballador que fundara con outros as CCOO na cidade.

En setembro de 1972, dentro das CCOO, participa activamente nas mobilizacións obreiras e é despedida. Desta época lembra as reunións no monte da Madroa, ou nalgunha igrexa; o coidado que había que pór para que a policía non as detivera, nin a ela nin a outras persoas organizadas.

Pasa a traballar entón nunha asesoría e continúa o seu traballo sindical e político, sendo elixida secretaria xeral da federación de Actividades Diversas.

Carmen continuou a súa militancia sindical nas CCOO e política, no MDM e no PCG, toda a vida.

En 2013 foille concedido o Iº premio Ernestina Otero, outorgado polo Consello Municipal das Mulleres, que se lle entregou durante unha cea na que se destacou o seu labor militante.

**Dolores Giráldez Castro (Lola)**, naceu en Cabral (Vigo), en 1932.

Traballou en conservas Alfacame, onde entrou nas CCOO, foi enlace sindical seguindo a política de infiltración no Sindicato Vertical. Foi presidenta do comité de empresa.

Detéñena o Primeiro de Maio de 1969, rúa do príncipe. Pasa pola comisaría e estivo no cárcere de Vigo 18 días e póñena en liberdade, pero sanciónana cunha multa de 25.000 pesetas (da altura).

No 72 traballaba en Alfageme e participou na folga desde o primeiro día ata o último. Botou toda a súa vida loitando.

Lola faleceu en 2016.

**Julia Domínguez Rodríguez**, naceu en Vigo, en 1933.

Foi compañeira de vida dun dos líderes obreiros de Vigo (Waldino Varela Martínez, traballador de Vulcano), con todo co que isto implicaba. No 72, Julia traballaba na limpeza, nun colexio, tiña unha filla e un fillo menores e o seu compañeiro tiña que desaparecer da casa por causa da persecución da policía, botando longos períodos sen poder ir nin sequer durmir. Julia corría con todo; co emprego, co traballo da casa, co coidado da filla e do fillo, e coa preocupación constante de que aparecese a policía, de que detivesen ao seu compañeiro ou de que ocorrera algo peor.

Nesta coxuntura e sen que ela tivera militancia política directa, chegou a folga do 72 e aí comezou a participar nas asembleas do MDM, xunto con outras moitas compañeiras. De aí en diante seguiu a participar.

Faleceu no 2020.

**Luisa Cuevas Raposo**, naceu en Vigo, en 1955. A súa familia paterna (de Orgaz-Toledo) é de tradición comunista, vinculada ao PCE desde a IIª República. De feito é sobriña da gran Petra Cuevas Rodríguez, fundadora e secretaria xeral do “Sindicato de la Aguja”, detida, torturada e presa durante 7 anos en distintos cárceres. Pola súa vez, a familia materna, galega, era de tradición anarco-sindicalista.

Luísa, como di ela mesma “mamou” cultura comunista desde que naceu. Sendo estudante daquel bacharelato anterior á L.G.E. (6 anos e Preu, ou COU), con 15 anos, entrou nos Comités de estudantes, ante a agresión da ditadura que supoñía o que coñecemos coma o proceso de Burgos<sup>3</sup>.

No 72 estudaba no Instituto San Tomé (coñecido tamén coma Instituto Feminino), e participaba nas loitas estudantís a través daqueles Comités que tanto pelexaron contra a ditadura. Cando se produce a escisión nas CCOO e se crea Organización Obreira (en diante OO), comeza a militar nesta.

---

<sup>3</sup> O proceso de Burgos foi un consello de guerra sumarísimo contra 16 militantes de ETA. Ditáronse 9 condenas a morte para seis dos imputados, e a suma 519 anos de cárcere para 9 dos 10 restantes, quedando absolta unha das imputadas. Por primeira vez, a condena foi superior á petición do fiscal. Desencadeáronse tales mobilizacións no estado e no estranxeiro a raíz da sentenza, que o réxime non tivo outra opción que conmutar as condenas a morte.



Participa en todas as mobilizacións de setembro, manifestacións, saltos, distribución de panfletos... etc., asemade de contribuír a recadar cartos para as caixas de resistencia. Segue militando en OO ata 1974, ano no que entra na Liga Comunista Revolucionaria (en diante LCR).

Nesa altura (folga do 72) librou de ser detida, pero si que o foi en 1975, nun salto que houbo no Calvario o 1º de maio. A cousa non tivo maiores consecuencias e soltárona o mesmo día, igual que a outra moita xente que detiveran na mesma acción.

Anos máis tarde trasladouse a Madrid por motivos de traballo e alí botou toda a súa vida laboral, sen abandonar en ningún momento a militancia política, social e sindical e, desde logo, con visitas frecuentes a Vigo, onde reside actualmente desde que se xubilou.

Hoxe continúa militando en diferentes movementos sociais, coma as asociacións de amizade galego-cubana e a asociación polo dereito a morrer con dignidade.

**Pilar García Giménez “a Andaluza”**, naceu en Sorvilán (Granada), en 1941. Cando era moi noviña, nos anos '60, emigra a Francia para traballar. Poucos anos despois regresa e instálase en Vigo. Comeza a traballar en Cerámicas Álvarez e, na mesma altura, entra a militar nas CCOO e no PCG.

Tras a manifestación (clandestina) do Primeiro de Maio de 1969, é detida e, en consecuencia despedida da empresa (por “faltas inxustificadas” ao traballo), pero isto non lle impide seguir militando sindical e politicamente.

Non se pode incorporar a Álvarez ata a amnistía do ano 1977, pero regresa nesa altura e continúa o seu labor militante.

Pilar faleceu en Vigo, no ano 2008.

**Pilar Pérez Rodríguez**, naceu en Cabral (Vigo), en 1947.

Traballou na Empresa Álvarez, onde entrou con 15 anos (en 1962) e estivo ata 1969. Afiliouse ao Partido Comunista de España (PCE)<sup>4</sup>. ese mesmo ano. Participou tamén na fundación das CCOO en Vigo. Na empresa, sabendo do seu interese polos asuntos sindicais, “castigárona” mandándoa para un almacén, ordenar caixas.

En 1969 detéñena con motivo dunha manifestación do Primeiro de Maio, igual que a Margarita e a Pilar “a Andaluza”; bota 72 horas na comisaría e 18 días no cárcere, tras este período e cunha sanción de 25.000 pesetas, é despedida da empresa por “faltas inxustificadas” ao traballo... ou ese é o motivo formal que alegan. Non podemos esquecer que, ao abeiro deste paraugas de “faltas inxustificadas”, eran despedidas dúcias e dúcias de persoas da esquerda, detidas pola súa actividade militante.

---

<sup>4</sup> O PCE pasou a chamarse PCG (Partido Comunista de Galicia) en 1968.

Pouco despois comeza a traballar en COGALCO, que era xusto onde se atopaba en 1972, cando a folga xeral. Desde alí, en sempre dentro das CCOO, participou activamente en todas as mobilizacións.

Ela sabe que a folga do 72 non xurdiu de repente, senón que foi o froito dun traballo previo intenso, na clandestinidade. Foi un pulso que lle botaron á ditadura e supuxo un antes e un despois, porque a folga non era por motivos salariais, senón sobre todo para acabar co franquismo. A cidadanía de Vigo e comarca tamén axudou, convidando a xente que fuxía da policía a entrar nas súas casas, fiándolle nas tendas a quen estaban en folga e non cobraban, xuntando cartos para as familias que o precisaban. Unha auténtica explosión de solidariedade.

Outra das cousas que destaca Pilar dentro do seu relato é que, ás dificultades que tiñan as mulleres para militar sindical ou politicamente (lembramos a resistencia de moitos homes a que o fixeran, así coma a tripla xornada de traballo), había que engadir a etiqueta social, que implicaba a descualificación persoal e toda clase de rexoubas e maledicencias cando as vían chegar tarde á casa, tras unha reunión ou unha tirada de panfletos... Non podemos esquecer a imaxe do ideal de muller que construíu a ditadura desde o primeiro momento, coa inestimábel colaboración da Falanxe e da Igrexa.

Foi readmitida en Álvarez tras a amnistía de 1977, onde traballou e continuou a súa militancia política e sindical ata que se prexubilou, cando o pechou a fábrica.

**Elvira Landin Aguirre**, naceu en Bilbao, en 1944.

Tras rematar os estudos de Dereito en Bilbao, trasladouse a Madrid, onde traballou unha tempada no que fora o primeiro despacho de avogados e avogadas laboristas de CCOO, pero axiña se trasladou a Galiza (concretamente a Vigo) a finais do ano 1971, onde montou un despacho co que na altura era o seu compañeiro de vida, Fernando Martínez Randulfe. Pretendían utilizar as contradicións legais da ditadura a favor dos obreiros, na Maxistratura de Traballo (hoxe Xulgado do Social). Foi a segunda muller inscrita no Colexio de Avogacía de Vigo, na altura “Colegio de Abogados”; a primeira, Romana San Luís Costas estaba de permiso por maternidade, así que, durante uns meses, foi a única letrada en exercicio na cidade.

Lembra que, naquela altura, o traballo do despacho era desbordante, con milleiros de traballadoras e traballadores despedidos e dúcias de detidas e detidos por motivos políticos e sindicais. Non tiñan tempo nin para ir xantar á casa e, mesmo nin sequera de xantar tranquilas, porque ao propio local onde o facían acudían persoas a pedir axuda en calquera momento.

Daquelas, os mércores pola tarde pechaban o despacho e facían unha especie de escola sindical para ás traballadoras e traballadores. Cunha lousa e xiz, aprendíanlles,

por exemplo, a descifrar e entender a nómina, ou a preparar a xente para as reivindicacións dos convenios e a súa negociación. Tamén animaban a que as traballadoras e traballadores máis cualificados e concienciados se presentaran ás eleccións para enlaces e xurados de empresa, e ir así infiltrándose na CNS.

En marzo de 1972 defende, xunto con outros avogados, aos traballadores despedidos en Ferrol. Lembra que lles obrigaban a colexiarse alí e tiñan que pagar unha cota de colexiación moi alta, que reducía as posibilidades da defensa. En calquera caso, organizáronse e pagaron algunha. O problema veu no acto do xuízo; o maxistrado esixiulles unha certificación da colexiación, que non tiñan, porque nunca lla pediran en ningures, nin lle notificaran que a tiñan que levar. Por este motivo non os deixou subir ao estrado, pero tampouco suspendeu nin adiou o xuízo, co que todo quedou nunha comparecencia e nunha farsa.

En maio dese ano gañaron unha demanda contra Barreras, que quería mandar de vacacións a todo o persoal porque non dispoñían do material necesario para desenvolver a produción. Na Maxistratura dixeron que non podían facelo e que as xornadas non traballadas debían ser pagadas igualmente, xa que o problema era da empresa.

Conta Elvira como tiveron que traballar arreo en setembro, con motivo da folga xeral, con milleiros de persoas despedidas, e ducias de detidas e encarceradas. Mesmo ían ás súas casas, as máis delas fóra do centro, para falar con persoas perseguidas, porque sabían que, se elas ían ao despacho, deteríanas. A mesma veciñanza avisaba para que escaparan se vía alguén con pinta rara polas inmediacións.

Despois de toda unha vida dedicada a defender as traballadoras e traballadores, Elvira xubilouse, pero segue coa súa actividade política e social. Desde hai anos, forma parte da asociación Xustiza e Sociedade, do Seminario Permanente de Educación para a Paz e coa Asociación polo Dereito a Morrer Dignamente.

En 2014 recibiu un recoñecemento polo seu traballo a prol da defensa das traballadoras e traballadores. En 2015, CCOO e a Fundación 10 de Marzo fixéronlle un acto de honra e recoñecemento pola súa traxectoria, a ela e ao seu compañeiro Fernando Martínez Randulfe.

**Pilar Rodríguez Costas**, naceu en Cabral (Vigo), en 1950.

En 1970 comeza a traballar en Findus, en condicións precarias (fixa discontinua<sup>5</sup>). En 1971 entra na “Hermandad Obrera de Acción Católica” (HOAC). Alí atopou cregos obreiros e monxas que traballaban nos barrios de xente traballadora, pertencentes a

---

<sup>5</sup> Era un termo que se usaba para denominar traballos temporais (noutros sitios tamén se chamaban temporeiras) que consistía en ir á empresa cando facía falta, polas campañas. O resto do tempo estaban na casa, sen cobrar.

un sector da igrexa que, naquela altura, loitaba pola liberación. Había tres cregos obreiros; un traballaba en Álvarez, outro en Ascón e outro nunha metalúrxica. As monxas do barrio de Teis traballaban no servizo doméstico e polas tardes daban clases de alfabetización. Na HOAC había obreiras e obreiros do metal, do naval, da automoción, da conserva, da cerámica e, en xeral, de todos os sectores da industria da cidade.

Na folga xeral participou en todas as mobilizacións e asemade nos peches que se fixeron en distintas igrexas (Apóstolos, Picos, etc.) para denunciar a represión policial. Tamén colaborou nas caixas de resistencia e colectas, para axudar as persoas despedidas e represaliadas.

Na altura participaba en ateneos que se facían semanalmente para concienciar á cidadanía do que estaba a pasar en Vigo, en Galicia e no resto do estado.

Pilar leva preto de 30 anos afiliada á CIG, está xubilada e colabora nas mobilizacións de MODEPEN, tamén nas da Rede de Mulleres contra os malos tratos e, en xeral, coas da defensa do público (Sanidade, Educación, Transporte...).

**Amelia Rodríguez Gonzalez**, naceu en Vigo, en 1944.

En 1961, con 17 anos, comeza a traballar en Álvarez. Pouco despois, cando comezan a funcionar as CCOO, participa activamente na da empresa e no ano 1972 é enlace sindical. En consecuencia, participa activamente nas mobilizacións e por tal motivo resulta despedida.

Só pode volver traballar en Álvarez a partires de 1977, despois da amnistía.

**Laura Perez Durán**, naceu en Vigo, en 1955.

Estudou o bacharelato no colexio da Compañía de María, pero os estudos de COU cursounos no Instituto do Calvario. Alí coñeceu compañeiras e compañeiros que estaban organizados e entrou nos Comités de Estudantes e foi compañeira de José Luís Sánchez Bravo Solla, un dos cinco últimos fusilados do franquismo.

Na folga xeral rematara os estudos de COU pero aínda non entrara na Universidade, que naquela altura comezaba en outubro, polo que participou na folga todo o tempo que durou. Foi ás manifestacións e saltos, repartiu propaganda, tirou panfletos e contribuíu á recadación de cartos para as caixas de resistencia. Naquela altura comezou a militar na LCR.

Xa en 1975, en febreiro, detiveron a un compañeiro da organización e de seguido foron a por ela. Logra fuxir e bota dous meses agochada; despois, por consello do seu avogado (o compañeiro de Elvira Landín), preséntase no xulgado, desde onde a levan a comisaría. Tras 72 horas de estadía póñena en liberdade. Laura sempre estivo

convencida de que tentaban de localiar ao Xosé Humberto Baena Alonso (outro dos cinco últimos fusilados polo franquismo), a quen ela coñecía.

**Hortensia Otero Álvarez**, naceu en Vigo, en 1935.

Hortensia é un dos claros exemplos de como unha única xornada de traballo se converte en tripla cando as circunstancias así o impoñen. Ela non tiña emprego, o seu traballo era coidar da familia e da casa, pero en 1972 deteñen e despíden ao seu home, co cal non entran ingresos na casa. Así que ela colle as rendas e, para achegar cartos á precaria economía familiar, ponse a vender nas feiras, asemade de coidar da familia e da casa. A partires das mobilizacións, nas que está, intégrase no MDM e, asemade, forma parte de comisións que se entrevistan con autoridades e participa en encerros, para denunciar a represión laboral, sindical e política. Velaí a súa tripla xornada.

*A información, algo precaria nalgúns casos...*

Como dicíamos ao comezo, o proceso de recabar información non está a ser doado; mesmo dentro da que se vos ofrece nestas páxinas, hai moita diferenza entre unhas mulleres e outras. Pero agardamos poder compensar esta cuestión e engadir moitas máis, para visibilizar como se merecen ás mulleres de Vigo, na folga xeral do 72.

**VIVA A LOITA DAS MULLERES!!!**